

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL	Capítulo V
	Participación do voluntariado en terra	Anexo

PROTOCOLO DE INTERVENCIÓN DO VOLUNTARIADO NO CASO DE VERTE DURAS NA COSTA

1. Activación do protocolo.

Unha vez coñecedores dun acontecemento de vertedura na costa activarase o protocolo de intervención do voluntariado, mediante chamadas telefónicas ás persoas voluntarias (que previamente se seleccionan para este tipo de continxencias):

- A través das entidades de acción voluntaria
- Directamente aos integrantes da Bolsa de Voluntariado

2. Detección de necesidades.

A dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en coordinación cos departamentos con competencias en materia, informará ás entidades prestadoras de acción voluntaria, previamente seleccionadas na materia de voluntariado ambiental, das necesidades específicas de persoal voluntario adscrito ás mesmas e previamente formado, que se precisa para facer fronte a este tipo de continxencias.

A dirección xeral nomeará a unha persoa que coordine as ditas actividades, e que informe detalladamente das actividades que se poden realizar e os perfiles rexistrados que se poden facer cargo das mesmas.

3. Desprazamento dos voluntarios e asignación de tarefas.

O/as voluntario/as desprazaranse pola súa conta aos lugares dos que se lle informou previamente para acudir, ou ben se habilitarán medios para o seu transporte se fora necesario. Os ditos lugares enténdese que xa estarán habilitados polo centro coordinador da operación, polo que unha vez alí o persoal voluntario será recibido pola persoa coordinadora designada pola dirección xeral ao obxecto de proceder a informarlles de canto sexa preciso en relación coas funcións que resultan procedentes realizar así como dos seus dereitos e deberes, sinatura da carta de compromiso etc.

Os riscos de accidentes e de responsabilidade civil das persoas voluntarias serán cubertos pola póliza de seguro que teña subscrita a propia entidade de acción voluntaria da que procedan (artigo 11 da Lei) ou pola da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado no caso de programas ou proxectos organizados pola mesma (artigo 16 da Lei).